



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

BASES APROBADAS POR
DECRETO DA ALCALDÍA
Nº242/17
DATA 30/08/2017

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE UN/UNHA MESTRE/A PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA (Música Activa, Linguaxe Musical, Coro infantil e Orquestra Orff), PARA O CURSO 2017/2018.

1. NORMAS XERAIS. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de un/unha mestre/a de música para realizar a función da docencia musical dentro da Escola Municipal de Música de Carnota e a constitución dunha bolsa de traballo de docentes de música, cunha vixencia de dous anos, co obxecto de proceder á súa contratación como persoal laboral temporal - a tempo parcial segundo as necesidades do servizo- e con destino á prestación de servizos de competencia municipal, concretamente para a Escola de Música do Concello de Carnota, na seguinte especialidade:

1 MESTRE/A PARA A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL (Música Activa, Linguaxe Musical, Coro Infantil e Orquestra Orff).

A natureza do contrato que se formalizará será laboral temporal, conforme o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O período de contratación será de 9 meses, dende o 1.10.2017 ata o 30.06.2018, e cunha xornada de traballo a tempo parcial.

O tempo destes servizos e o desempeño da función que se lles encomende non dará ao contratado máis dereitos fronte ao Concello que os estritamente especificados no contrato que se celebre, de acordo coa natureza do contrato laboral por obra e servizo determinado.

2. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección farase mediante o sistema de **concurso de méritos e entrevista persoal**, de conformidade co baremo establecido para a dita praza en función da documentación que os/as aspirantes acheguen antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes (Anexo I).

Non serán obxecto de valoración aqueles méritos que non se acrediten en tempo e forma. Os criterios obxecto de valoración son os establecidos na parte específica destas bases.

3. REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Para a admisión das persoas aspirantes será necesario que estas cumpran os seguintes requisitos xerais:

- a) Ser español ou cidadán membro dun Estado da Unión Europea nos termos da Lei 17/1993, do 23 de decembro, e na súa lexislación de desenvolvemento.
- b) Ter dezaseis anos de idade e non exceder daquela que, de ser o caso, se fixe na convocatoria.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo. A condición de discapacidade ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto ao que se opta acreditarase conforme a normativa vixente e referida ao día de formalización do contrato, mediante un certificado médico oficial, no caso de ser seleccionado/a.
- d) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de incompatibilidades referidos ao persoal das administracións públicas.
- e) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por expediente disciplinario, segundo as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- f) Calquera outro requisito que se sinale na convocatoria específica (Anexo I. Titulacións esixidas).
- g) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- h) Estar en posesión dalgunha das titulacións esixidas no Anexo I "Bases específicas".
- i) Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. As persoas que non cumpran este requisito deberán realizar un exercicio, cunha duración de 1 hora, que consistirá na tradución de dous textos propostos polo tribunal, un do castelán para o galego e outro do galego para o castelán. Esta proba cualificarase como apta ou non apta.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O prazo de presentación de solicitudes será de (5) cinco días hábiles, dende o día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carnota (www.carnota.gal).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, na que se indicarán, se for o caso, os motivos da exclusión.

A lista publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carnota. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de (2) dous días hábiles, contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, para presentar alegacións. Transcorrido o prazo de dous días sen que se formulen reclamacións, a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No caso de se produciren reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución, estimándoas ou desestimándoas, e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carnota.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Rematada a selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes por orde de puntuación, coa correspondente proposta de contratación, e concederá un prazo de 2 días hábiles para formular alegacións, que deberá resolver o tribunal.

5. CONCURSO DE MÉRITOS E ENTREVISTA.

Os méritos que se valorarán son os establecidos nas bases específicas (Anexo I)

6. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente/a: a técnica de Cultura do Concello de Carnota, ou traballador/a no que delegue.
- Secretario/a: o secretario da Corporación, ou un/unha funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.
- Vogais:
 - Un/unha traballador/a do Departamento de Cultura e Deportes do Concello de Carnota, ou traballador/a no que delegue.
 - Un/unha traballadora da Escola Municipal de Música, ou traballador/a no que delegue.
 - Un/unha delegado/a persoal do Concello de Carnota, ou traballador/a no que delegue.

Será necesaria a asistencia do/da presidente/a do tribunal e do/da secretario/a, ou das persoas nas que deleguen. Así mesmo, estes membros deberán absterse cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei de 40/2015, e os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da citada lei.

7. RESOLUCIÓN

Concluído o proceso selectivo, o tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada aspirante no taboleiro de anuncios do Concello e outorgarase un prazo máximo de dous (2) días naturais para a presentación de reclamacións. No caso de existiren reclamacións, reunirase novamente o tribunal para resolvelas. En caso de empate entre dous/dúas ou máis candidatos/as, este resolverase atendendo á maior puntuación na experiencia laboral e, se persiste o empate, atendendo á maior puntuación na formación.

O tribunal cualificador trasladaralle ao alcalde a proposta de contratación, segundo a orde de puntuación.

Os/as candidatos/as admitidos/as que, cumprindo os requisitos para participar neste proceso selectivo, non fosen seleccionados/as pasarán a formar parte da lista



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251


de substitución deste proceso para o posto ofertado, por orde de maior a menor puntuación.

8. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo, así como en todo o non previsto nas bases ou na interpretación destas.

9. BOLSA DE CONTRATACIÓN

O tempo de vixencia da bolsa de contratación será de dous anos, durante o cal se manterán as persoas seleccionadas. Unha vez transcorrido o dito período, convocarase unha nova bolsa, e prorrogarase a vixencia desta ata a resolución da nova. As contratacións faranse segundo as necesidades do servizo e en función do alumnado inscrito na Escola Municipal de Música.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ANEXO I.- BASES ESPECÍFICAS PARA A PRAZA DE MESTRE/A PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA (Música Activa, Linguaxe Musical, Coro Infantil e Orquestra Orff).

1. TITULACIÓN ESIXIDAS.

As persoas aspirantes deberán ter unha das seguintes titulacións:

- MESTRE/A ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN MUSICAL (OU MAXISTERIO POLA ESPECIALIDADE DE EDUCACIÓN MUSICAL) OU TÍTULO DE GRAO PROFESIONAL (OU GRAO MEDIO) POLO CONSERVATORIO.

2. CONCURSO DE MÉRITOS (MÁXIMO 10 PUNTOS)

2.1. Servizos prestados (puntuación máxima: 5,00 puntos):

1.a) Por servizos prestados en administracións locais en postos de traballo de contido semellante ao posto ao que se opta: 0.2 punto/mes, en xornada total ou parcial (sempre que supere as 12 horas semanais).

1.b) Por servizos prestados noutras administracións públicas ou empresas privadas, en postos de traballo de contido análogo ou categoría semellante á da praza á que se opta: 0.1 puntos, en xornada total ou parcial (sempre que supere as 12 horas semanais).

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral e copias compulsadas dos contratos de traballo.

2.2. Formación (puntuación máxima: 5,00 puntos): os cursos relacionados coa actividade que se debe desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración ou entidades dependentes, puntuaranse do seguinte xeito:

2.a) Cursos de máis de 200 horas relacionados co posto: 0.80 puntos por curso.

2.b) Cursos de 101 a 200 horas relacionados co posto: 0.60 puntos por curso.

2.c) Cursos de 51 a 100 horas relacionados co posto: 0.40 puntos por curso.

2.d) Cursos de 15 a 50 horas relacionados co posto: 0.30 puntos por curso.

2.e) Titulación, a maiores da esixida, de mestre ou de profesor de instrumento: 2 puntos.

Os méritos alegados por formación acreditaranse mediante copias compulsadas dos certificados e títulos correspondentes.

3. ENTREVISTA PERSOAL (MÁXIMO 4 PUNTOS). Versará sobre as actividades que se deben desenvolver no posto de traballo.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

MODELO DE SOLICITUDE

D/D.^a _____, con DNI _____

e domicilio en _____ nº _____ CP _____,

Concello de _____, teléfono _____

E-mail _____

EXPOÑO:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Carnota para a contratación temporal a xornada parcial de un/unha mestre/a para a Escola Municipal de Música.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases, na data de finalización do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, que coñezo e acepto as referidas bases, que son certos todos os datos desta solicitude e que me comprometo a probalos documentalmente.

3º) Que o número de folios que se achegan á solicitude (incluído este) é: _____

SOLICITO:

Formar parte do proceso para a contratación temporal a xornada parcial de un/unha mestre para a Escola Municipal de Música.

Documentos que se achegan (deben presentarse orixinais para compulsalos):

Copia compulsada do DNI.


Copia compulsada do título de mestre en Educación Musical ou grao profesional de instrumento.

Copia compulsada do Celga 4 ou equivalente.

Informe de vida laboral e copias compulsadas dos contratos laborais.

Formación: cursos e/ou títulos:

o _____



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Carnota, _____ de _____ de 2017"

Esta resolución deberá ser publicada na páxina dixital da Corporación.

Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación.

En Carnota, 25 de agosto 2017.

O Alcalde

Ante min,

Da. Belen Campos Díaz